

P A S T O R A D E S O R R I S O S.

I-.

Pastora de sorrisos fuches onte  
lindando a miña avenza escapriada.  
Nunha man o morral, na outra a aguillada,  
partías silandeira cara o monte.

Pastora de sorrisos eres hoxe  
lindando o meu amor a sol e sombra;  
para min eres algo que se nombra  
a cada intre da vida que me foxe.

Pastora de sorrisos namorada,  
recendente ás chorimas montesías,  
medraches entre as cervas sen niñada.

!E baixaches de xunto ás neves frías  
pra acougar ondia min maina e salgada  
e facerte pastora de alegrías!

II-.

Vifeches núa, coma unha sirena,  
a alledáre-la miña triste vida  
e fuches no meu colo recibida  
entre a miña delor e a miña pena.

Vifeches trenzando ondas coa melena  
un amencer de luz ben acendida  
e flufume no sangue a nova vida  
facéndome a soidade máis amena.



Viñeches cando máis necesitaba  
a mornura do teu corpo lanzal  
e a túa boca tépeda e sincera.

Viñeches cando ó lonxe te agardaba  
bebendo o leite dunha vaca astral,  
tendido no limiar da primavera.

### III-.

Abofé xa me chegas ata o miolo,  
e cólmasme de amor aperta a aperta,  
namentres foxe a dor, pola deserta  
e moura señardade de min solo.

Abofé xa <sup>te siutas no</sup> ~~te siutas no~~ meu colo  
(e isto non me parece cousa certa),  
namentres, Corazón, te pós alerta  
e brincas de ledicia coma un tolo.

Abofé zugo saiva en cada verso  
destes rexos sonetos que che adico,  
a golpes de tenrura, bico a bico.

Abofé o teu sorriso ponme terso  
no cimo do sineiro onde repico  
as gozosas campás dun universo.

### IV-.

Arrecendente a mares e gaivotas,  
xorde a túa carexa tremelante,  
a empurrarme decote mundo adiante,  
rexéndome o timón e as velas rotas.

Arrecendente a cumes e outras notas,  
xorde a túa parola acariñante,



a arrolarme nun berce raiolante,  
esvarándome aló adentro en pingotas.

Arrecendente ó vento das montañas,  
xorden os teus sorrisos, pomba miña,  
enchéndome de gozo ata as entrañas.

Arrecendente a fonte cristalíña,  
xordes enteira, a darte xeito e mañas  
pra facerme feliz, madia a pauliña.

V-.

Sempre serás hospicio xeneroso  
onde atopa consolo o peregrino  
para seguir tripando o seu camiño  
máis ledó, máis lixeiro, máis rixoso...

Sempre serás piñeiro rumoroso  
onde os paxaros van face-los niños  
-paporrubios, ouriolos, estorniños-  
nun coro de rechouchos ben fermoso.

Sempre serás pousada no camiño  
onde o mendigo deixa a vil laceira  
e colle novo pan e novo viño.

Sempre serás fontela garuleira  
onde canta a serea moi baixiño  
cando canso me achego á túa beira.

VI-.

Ondea no serán unha bandeira,  
porque estás onda min (como a cadela  
que lambe a miña man morna e sinxela  
cando lle dou condoito na <sup>maseira</sup> maseira).



Ondea na tardiña, compañeira,  
o teu corpo escumante, de gamela  
que rema e rema cara a miña orela  
cando chouta o arroás sobre a mareira.

Ondea no Nordés a túa saia  
(!oh campá de percal, oh palitroque!)  
despertándome o sangue toque a toque.

Ondea o teu cabelo na gran praia  
(oh mollo dun trigueiro ben maduro!)  
facho de luz, camiño de futuro...

#### VII-.

Sementa por todel a primavera  
cando sintas no teu cerne o estoupido,  
froito carnal do meu cerne ferido,  
aberto á vida nunha longa espera.

Sementa esa parola tan sincera,  
florecida no meu peito dorido,  
!oh, palabra baril, verbo luído  
na forxa da saudade moura e fera!

Sementa a reo o pan e mailo viño  
no sulco aberto polo meu arado  
baixo a chuvia abrileira sen estiño.

E despois vén e déitate ó meu lado:  
neste leito de amor e branco liño,  
verás medra-lo froito cobizado.

--oo--

Lema: ABRENTE.